

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**do 29 de outubro de 2015**

**ACTA Nº 14/2015**

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte e unha horas do día vinte e nove de outubro do ano dous mil quince, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

**PERSOAS ASISTENTES**

Alcaldesa: D<sup>a</sup> María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D<sup>a</sup> María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D<sup>a</sup> Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D<sup>a</sup> Caridad González Cerviño

D<sup>a</sup> Sandra Maneiro Pais

D. Enrique Riomayor Caamaño

D. Manuel Bartolomé Freire Eiras

D. Manuel María García Fernández

D<sup>a</sup> Paula Simal Mayo

Secretario accidental: D. Ramón Manuel Formoso Fernández.

Non asiste o concelleiro D. José Antonio Uhía Martínez.

**ORDE DO DÍA**

**A.-.- Parte dispositiva.**

- 1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (24.09.2015)**
- 2.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS CEMITERIOS.**
- 3.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

**B .-Parte de control dos órganos de goberno.**

- 4.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

## 5.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

### A.- - Parte dispositiva.

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria e di que antes de nada gustaríalle que gardaran un minuto de silencio pola nova vítima de violencia de xénero en Vigo, polo que dá as grazas.

### 1 .- APROBACIÓN DA/S ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (24.09.2015).

A Sra. alcaldesa di que quedan pendentes as aclaración que o secretario ten que facer sobre a acta do 24 de agosto e pregunta se hai algunha obxección á acta da sesión plenaria do 24 de setembro de 2015.

Ao non haber ningunha obxección por parte dos grupos políticos dá paso á votación e queda aprobada por unanimidade.

### 2.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS CEMITERIOS.

A proposta vén co ditame favorable da comisión informativa.

A Sra. Alcaldesa dálle a palabra ao Grupo Popular.

A voceira do Grupo Popular dá lectura á moción:

*“Dª M. Inés Monteagudo Romero, voceira do Grupo Popular municipal de Muros, presenta para o seu debate por parte do Pleno da corporación e aprobación se procede a seguinte*

#### *MOCIÓN*

*Chega a data na que se honra a memoria dos nosos defuntos, polo que moitos veciños de todo o concello acoden aos cemiterios parroquiais e municipais do noso concello.*

*Evidenciárase así a situación do cemiterio municipal de Muros, afectado por diversos problemas, como a mala iluminación, o deterioro dos accesos, a existencia de filtracións que afectan ás paredes dos nichos, e a falta dun axardinamento que o recinto demanda dende hai xa tempo.*

*Resultaría chocante que a estas alturas non se procedera por parte do Concello a unha posta a punto dos distintos recintos parroquiais do concello, pero o recinto municipal precisa dun proxecto que vaia máis aló, e teña en conta as instalacións, a zona de enterramento e os accesos.*

*Propoñemos pois ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

- 1.- Que se proceda á limpeza e acondicionamento das instalacións dos cemiterios.*
- 2.- Que se redacte un proxecto de acondicionamento do cemiterio municipal de Muros que inclúa entre outras actuacións as seguintes: axardinamento do recinto, mellora dos accesos,*

*tratamento das paredes, habilitación dun espazo para utensilios e cinceiro, e se lle dote dun servizo de mantemento.*

*3.- Que se habilite nos orzamentos do próximo exercicio unha partida orzamentaria para levar a cabo dito proxecto.”*

Continúa a Sra. Monteagudo Romero dicindo que salta á vista o mal estado do cemiterio, que está moi deteriorado e que é moi urxente acometer un proxecto de acondicionamento polo que decidiron presentar esta moción.

A voceira do Grupo Socialista, a Sra. González Cerviño di que está totalmente de acordo.

O voceiro do BNG, o Sr. García Fernández, inicia a súa intervención desculpándose por non asistir á comisión informativa. Continúa dicindo que o seu programa electoral incluía a elaboración dun plan de mantemento de todos os espazos municipais incluído o cemiterio que leva anos de abandono, que é urxente acometer obras nel e que “*é unha pena que esta fin de semana dea pena*”.

A Sra. alcaldesa di que o seu grupo tamén está de acordo, que é un tema que xa se falou en diversas ocasións e que se incluírá nos próximos orzamentos a elaboración dun proxecto para levar a cabo as obras necesarias de acondicionamento do cemiterio.

Na segunda rolda de intervencións a voceira do Grupo Popular reitera que é unha necesidade evidente.

Votación: Apróbbase, por unanimidade, a moción presentada polo Grupo Popular.

### **3.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

A Sra. alcaldesa indica que se puxeron a disposición dos concelleiros e concelleiras os Decretos da Alcaldía número 574 ao 644 e as actas da Xunta de Goberno Local números 26 e 27.

## **B .-Parte de control dos órganos de goberno.**

### **4.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**

A Sra. González Cerviño presenta unha moción de urxencia sobre os orzamentos recentemente aprobados pola Xunta de Galicia. E outra moción máis pola Resolución de Portos de Galicia sobre a delimitación de espazos portuarios no porto de Muros, publicada no DOG do 6 de outubro de 2015.

Dálle unha copia de cada moción aos distintos grupos.

A voceira do Grupo Socialista dá paso á lectura do primeira moción e explica que se presenta por urxencia debido a que os orzamentos da Xunta de Galicia foron publicados hai nada.

Na rolda de intervencións sobre a urxencia da moción, o Grupo Popular di que os orzamentos foron publicados hai bastante tempo polo que o seu grupo non vai ratificar a urxencia.

No mesmo senso se expresa a Sra. alcaldesa, e di que é un tema que lle parece importante e pensa que se pode facer igual, e que desde logo se fará, e que lle gustaría que se presentara polo procedemento normal para poder debater na comisión informativa correspondente.

A Sra. González pide que quede enriba da mesa para poder tratar no vindeiro pleno, que se inclúa na orde do día do vindeiro pleno, ao que contesta a Sra. alcaldesa que sen ningún problema.

Votación:

A favor os catro concelleiros/as do PSdeG-PSOE, en contra os catro concelleiros/as do Partido Popular e os dous de CxG e a abstención dos dous concelleiros/as do BNG. Polo que non se ratifica a urxencia da moción.

En canto á segunda moción, a voceira do Grupo Socialista explica que a urxencia débese a que a resolución de Portos saíu publicada no DOG do 6 de outubro de 2015. Que estiveron esperando que desde o goberno municipal se fixeran alegacións pero como non foi así, o Grupo Socialista presenta a moción por urxencia xa que hai un prazo de 45 días que impide que este tema se trate no próximo pleno. Que independentemente de que a moción saia adiante o Grupo Socialista vai presentar alegacións como grupo político.

Dá lectura á moción e expón un plano.

Na rolda de intervencións para tratar a urxencia, o Grupo Popular di que desde o 6 de outubro que saíu publicada a Resolución de Portos, houbo tempo de presentar a moción. Que están de acordo en parte coas alegacións pero non que se debatan por urxencia.

O portavoz do BNG di que pensa se debería debater por urxencia, xa que non dá tempo a facelo no próximo pleno.

A Sra. alcaldesa di que efectivamente houbo tempo para presentalas desde o 6 de outubro, que deberían consensuarse as alegacións, que houbo unha comisión informativa na que se poderían ter tratado, que a información está na páxina web de Portos de Galicia e que calquera grupo ou entidade pode presentalas. Que se pode convocar unha comisión informativa para chegar a un acordo todos os grupos. E de non haber acordo, que cada grupo pode presentar as súas. Se o houbera, convocaríase un Pleno extraordinario.

A Sra. González Cerviño di que lle levou tempo preparalas, que é por iso polo que se presentan como moción de urxencia. Que se non se debate, retíranas e que o seu grupo as vai presentar.

O portavoz do BNG di que está a favor da urxencia.

A Sra. alcaldesa explica que o seu grupo tamén está traballando nesas alegacións e que se compromete a convocar a comisión informativa e se hai acordo, convocar o Pleno extraordinario antes do remate do prazo de presentación das alegacións.

A portavoz do PSdeG-PSOE pide permiso para intervir de novo e di que independentemente de que se faga unha alegación conxunta, o seu grupo vai presentar a súa.

Votación: 6 votos a favor(4 do PSdeG-PSOE e 2 do BNG) e 6 votos en contra ( 4 do Partido Popular e 2 de CxG). Polo que non se ratifica a urxencia da moción, xa que debe contar con maioría absoluta.

## **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A Sra. Monteagudo Romero, do Grupo Popular, pregunta:

- Pola novidade de gravar os plenos, se vai ser manipulada e de quen é a propiedade da gravación.

Contesta a Sra. alcaldesa que non se vai manipular e que é o Concello quen a fai. Que o seu grupo leva moito tempo solicitando que se graven as sesións plenarias. Que en moitas ocasións houbo problemas coa aprobación das actas e non contaban con un soporte para comprobalas. Que lle parece un exercicio de transparencia, e que non vai haber ningún tipo de corte nin manipulación.

- **Insiste a portavoz popular en quen ten a propiedade ao que contesta a Sra. alcaldesa que é propiedade do concello e que por tanto estará baixo a custodia do concello.**

- Sinala que a falta dun pleno ordinario para rematar o exercicio aínda non se elaboraron os orzamentos e non se presentaron as contas do pasado exercicio, o que pode conlevar non optar a subvencións. Polo que pregunta que cando se van a facer.

A Sra. alcaldesa explica que a interventora está de baixa e que hai un interventor accidental que fai o que pode. Que a Conta Xeral está lista e rematada desde hoxe. Que pode adiantar que hai un remanente negativo de cento dezanove mil euros. Que tan pronto se poida se convocará a Comisión Especial de Contas e porá toda a información á disposición dos grupos. Que foi un traballo complexo e que o interventor contou coa colaboración da Deputación. Que debido ao estado da Intervención os orzamentos levan un pouco de retraso.

- Que cando se vai levar ao Pleno a baixada do IBI.

Responde a Sra. alcaldesa que en novembro ou de haber un extraordinario antes, iría ao extraordinario.

- Se vai haber algunha bonificación.

A Sra. alcaldesa di que non, que a súa idea é deixalo no tipo anterior, que o están estudando en Intervención porque vai ter repercusión nos orzamentos. Que o que se pode facer é presentar a proposta con tempo suficiente para que se poidan incorporar suxestións.

- Se se executaron os acordos adoptados no Pleno anterior. Que na comisión informativa, onde se explicou o tema da piscina votouse en falta un informe. E roga se informe á veciñanza da situación.

A Sra. alcaldesa informa que si, que se están executando os acordos, que desde a celebración da comisión informativa xa hai novidades, que se acaba de celebrar unha reunión na que se chegou a un acordo coa empresa e cun novo director de obra, que lles parece a solución máis axeitada pois vaise facer un informe dos problemas que ten o actual proxecto e facer unha modificación na que a empresa estea de acordo e así evítase ter que volver a facer un novo procedemento de adjudicación. Que a Deputación acepta a modificación do proxecto, sempre e cando se elabore un informe técnico e se conte coa conformidade da empresa.

- A portavoz Popular insiste en que hai que informar ás persoas usuarias e abonadas.

- Sobre o informe da renuncia dalgunhas subvencións pregunta en que se van a gastar os vinte e dous mil euros que se deixaron de gastar no financiamento deses proxectos.

Contesta a Sra. alcaldesa que eses cartos non estaban reflectidos nos orzamentos ao ser subvencións posteriores á súa confección e que basicamente se están empregando en saneamento e iluminación pública.

- O Grupo Popular tiña unha proposta para que eses cartos se utilizaran en axudas para material escolar para a escola de música e transporte para estudos universitarios.

Responde a Sra. alcaldesa que as bases para esas axudas están a punto de saír, que xa foron aprobadas en Xunta de Goberno.

- Viron nos decretos que se segue utilizando o mesmo procedemento para a contratación de persoal, a pesar do anuncio reiterado da súa modificación. Pregunta se se tratou o tema na mesa de persoal celebrada.

Di a Sra. alcaldesa que si se tratou o tema nas mesas de persoal. Que as contratacións que houbo, pola súa urxencia, seguíronse facendo igual. Que se van modificar, para o que xa houbo reunións co persoal de servizos sociais para modificar as bases de selección de persoal de axuda a domicilio e transporte adaptado. Que espera se modifiquen para rematar coa precariedade dos contratos e demais problemas. Que as bases actuais foron aprobadas en Pleno hai moito tempo polo que necesitan ser modificadas. E logo volver a aprobalas en Pleno.

- Pregunta pola elaboración do plan de mantemento xeral anunciado no último pleno.

Contesta a Sra. alcaldesa que aínda non se elaborou e que se pensa facer empezando por un seguimento do traballo.

- Os veciños e veciñas de Abelleira demandan a construción de beirarrúas no camiño de Priegue e recollida de pluviais. Pregunta se teñen previsto algunha actuación ao respecto e no camiño de Rateira.

Contesta a Sra. alcaldesa que si teñen coñecemento desas demandas, pero que de momento non hai prevista ningunha actuación.

- Tamén se interesaron varios veciños e veciñas polos accesos á praia de Somorto e Fontenla. Preguntan se teñen previsto adecuar eses accesos.

Contesta a Sra. alcaldesa que sobre Somorto non. Sobre Fontenla si hai peticións de limpeza.

- Sobre o corte do camiño de Rebordiño a Paseo Bombé. Se se vai solucionar.

A Sra. alcaldesa di que teñen que falalo co xefe da brigada de obras.

- Se se fixo algún proceso ou procedemento para a xestión ou uso das instalacións de Sel.

A Sra. alcaldesa contesta que no. Que houbo reunións con persoas e entidades que entende o goberno que poden ter ideas e opinións interesantes ao respecto. Que a idea do equipo de goberno é destinalo a actividades náuticas.

Inicia as súas preguntas a voceira do Grupo Socialista:

- Pregunta polo horario dos plenos, se se vai cambiar para o inverno.

A Sra. alcaldesa explica que o horario se acordou entre todos os grupos porque había concelleiros/as que non podían chegar antes.

Intervén o Grupo Popular para dicir que o pedirán eles pero que se pode adiantar media hora.

-A voceira do Grupo Socialista pide que se inclúa a proposta do horario dos plenos ás oito e media para a próximo pleno.

- Pregunta pola ausencia do concelleiro, o Sr. Uhía.

A Sra. alcaldesa pide desculpas por non dicilo ao inicio do pleno e que non asistiu por problemas de saúde.

- Que en reiteradas ocasións solicitou o permiso de Portos sen que se lle entregara e volve a pedilo.

A Sra. alcaldesa di que vai falar co funcionariado.

- Reitera a petición dunha explicación sobre a contratación do persoal socorrista.

A Sra. alcaldesa di que falou co tribunal que lle dixeron que non había ningún problema e que lle solicitou un informe escrito.

- Que falta por aprobar a acta onde se aprobaron os soldos. Que tamén se falou sobre as bases de execución do presuposto e o Sr. secretario quedara en facer un informe. Pregunta que pasa co informe.

Contesta a Sra. alcaldesa que lle pasará o informe escrito do secretario en canto o teña.

- En canto á gravación dos plenos e xa que a lei de protección de datos di que ten que haber un encargado con nome e apelidos, quen é ese encargado. Se é un funcionario ou funcionaria.

Contesta a Sra. alcaldesa que é ela a responsable.

- Cando se van recoller os colectores soterrados.

Explica a Sra. alcaldesa que hai problemas coa empresa concesionaria. Que teme que van a tardar en funcionar.

- Pregunta polas medidas que se están tomando.

Respóndelle a Sra. alcaldesa que se está falando coa mancomunidade e con FFC. E que tamén hai problemas noutros concellos.

- Sobre a Policía Local, pregunta se ten coñecemento de que van aos bares vestidos de uniforme. Pregunta se teñen autorización da Alcaldía.

Contesta a Sra. alcaldesa que non ten coñecemento e que non lle dou autorización pero sempre que cumpran co seu traballo non ten ningún problema en que vaian.

- Pide a Sra. González Cerviño que conste en acta. E pregunta polo horario do Policía. E que pasou coas quendas que estaban aprobadas. Que teñen varias queixas sobre a ausencia da Policía Local de noite.

Explica a Sra. alcaldesa, que o xefe da policía elabora un calendario mensual de quendas e que efectivamente hai noites que non hai policía de garda, que nas de fin de semana si e cando é posible algunha outra. Que o número de persoal non permite facer gardas as vinte e catro horas os sete días da semana, tendo en conta que polo menos de noite non deben de estar un só axente e menos un auxiliar de policía. Que están en coordinación coa garda civil e non hai ningún problema.

Ante a insistencia da portavoz socialista a Sra. alcaldesa dí que de luns a xoves non hai policía local, normalmente.

- A voceira socialista pide que conste en acta que non hai policía local todas as noites e fala da sentenza firme que dispón que debe haber policía local todas as noites.

A Sra. alcaldesa contesta que o acordo adoptado para a modificación do convenio foi anulado pola Xunta. Que en cumprimento do convenio os policías locais non teñen que facer noites aínda que as fan voluntariamente.

- Pregunta se lle van dar os horarios da policía local ou se se van publicar. Que a xente chama e non contestan.

A Sra. alcaldesa responde que o que pasa agora é que a xente pode chamar e que xa non lle van contestar que ao haber un só axente non poden acudir, como pasaba antes. Que se non hai policía poden chamar ao 112 e lle contesta a Garda Civil.

- Pregunta de novo sobre o horario.

A Sra. alcaldesa contesta que se é oportuno, que si.

- Sobre a solicitude por correo electrónico dun informe técnico asinado no que constara que co proxecto da piscina existente non se poden completar os cálculos debidos e que se necesita facer un novo proxecto.

A Sra. alcaldesa di que se lle dará un informe no o que o técnico porá o que considere oportuno.

- Pregunta polo nome do arquitecto que vai revisar o proxecto de José Antonio Comesaña.

Contesta a Sra. alcaldesa que é un enxeñeiro de edificacións e que se chama Jesús de la Fuente.

-Pregunta se se pagou o proxecto de José Antonio Comesaña.

A Sra. alcaldesa di que non sabe.

- Pregunta quen fixo a modificación do proxecto, do que fala a empresa.

Explica a Sra. alcaldesa, que o director de obra, José Antonio Comesaña, marchou deixando unha obra, que segundo a versión do contratista, non se estaba executando de acordo co proxecto. Que a empresa tiña construído pezas para a piscina de Muros que non se corresponden co que había no proxecto, co coñecemento do director de obra, que agora non quere saber nada.

-Pregunta se a Sra. alcaldesa cre que pode haber un construtor que fai unhas pezas co consentimento do director de obra, sen que figure no libro de obras.

Contesta que si, pero que non veu o libro de obra.

- A Sra. González Cerviño fai o seguinte rogo: que a Sra. alcaldesa se decate de cal é o problema da piscina. Que se decate se desde o Concello de Muros se lle mandaron uns planos á empresa modificando o proxecto de José Antonio Comesaña. Que esa foi a orde de modificación das pezas e non orde do Sr. Comesaña.

O Sr. Quintela Fernández pide permiso para intervir e explicar que os planos enviados á empresa desde o Concello de Muros non son unha modificación do proxecto. Que se mandaron á empresa como posible proposta de resolución da cuberta da piscina, cando se comprobou que no proxecto do Sr. Comesaña faltaba a memoria descritiva do cálculo estrutural.

- Continúa preguntando a Sra. González Cerviño se eses planos coinciden coas novas pezas que elaborou a empresa.

Contesta que non o Sr. Quintela Fernández. Que eses planos se mandaron para consulta.

A Sra. alcaldesa di que se mandaron os planos para consultar se a empresa estaría disposta a executar a obra desa maneira, intentando chegar a un acordo para dar solución ao problema da piscina. Que as pezas que tiñan feitas se fixeron antes segundo o acordado verbalmente co Sr. Comesaña.

- Pregunta cando vai empezar a traballar na piscina, o que contesta a Sra. alcaldesa que en breve.

- Se nas próximas comisións informativas se van levar os libros de obra.

Contesta a Sra. alcaldesa que na última comisión informativa xa se levou o expediente completo e que a voceira socialista non quixo nin mirar.

- Pregunta se sabe conto custou poñer o novo chan da piscina.

Contesta que non.



- Pregunta se sabe que obras se fixeron na piscina na lexislatura da que formou parte do goberno a actual alcaldesa e afirma que se fixeran actuacións na cuberta.

A Sra. alcaldesa di que sabe dalgunhas pero que non foron na cuberta.

- Segue afirmando a Sra. González Cerviño que a arquitecta Susana Dosil fixo unha modificación metendo as baixantes por dentro das columnas.

Intervén o Sr. Quintela Fernández, para explicar que iso é unha loucura, que efectivamente as baixantes van por dentro das columnas pero desde que o Sr. Anaya proxectou a piscina de Muros. Que é imposible facelo despois.

- A Sra. González Cerviño segue dicindo que van as baixantes pegadas ás columnas.

O Sr. Quintela Fernández di que non, reitera que van por dentro dos piares desde que se proxectou a piscina.

- Se antes do Nadal vai estar funcionando a piscina. Contesta a Sra. alcaldesa que pensa que si.

O portavoz do BNG, Sr. García Fernández:

- Manifesta que se van atendendo os rogos que se fixeron en anteriores sesións.

Contesta a Sra. alcaldesa que se van facendo pero todos aínda non.

- Roga o Sr. García Fernández, que se meta Abelleira e Torea no século XXI, instalando ADSL e amañando o sinal de televisión.

Antes de rematar o Pleno a Sra. alcaldesa dá conta do escrito presentado pola Asociación de LONGHOPE aos consistorios de Galicia para a declaración institucional da reclamación do pagamento das pensións de 12.000 mariñeiros galegos que traballaron na flota norueguesa dende os anos corenta ata o 1994:

*“Mariñeiros galegos que traballaron na mariña mercante norueguesa, piden o pagamento das súas pensións de xubilación ao país nórdico. A defensa e reclamación de dereitos exposta publicamente pola asociación LONHOPE acaba xa un extenso percorrido institucional. O seu presidente Juan Lorens Názara e o seu portavoz Alberto Paz Viñas conduciron esta loita ata as altas institucións de Noruega mantendo reunións co seu defensor do pobo, embaixador de España en Noruega, embaixadora da UE en Noruega, secretario do ministerio de Traballo e Seguridade Social de Noruega, cabeceiras dos sindicatos máis representativos do país como a L.O. Estiveron tamén en altas institucións españolas do Ministerio de Exteriores, Ministerio de Traballo de España, Embaixada de Noruega en España na que mantiveron unha reunión co seu embaixador no país. Mantiveron encontros no Parlamento de Galicia con A.G.E., BNG E PSOE así mesmo foron invitados por Paloma Rodríguez deputada do PSOE ao Congreso dos deputados para establecer liñas de actuación pertinentes.*

*Acaba de chegar de Luxemburgo a representación de LONGHOPE dunha vista oral no Tribunal de xustiza do caso Wieland C/465/14 caso similar entre mariñeiros austríacos contra armadores holandeses.*

*A loita pola pensións dos nosos mariñeiros que traballaron en Noruega non cesa:*

#### NO EIDO DA POLÍTICA

*-Os eurodeputados Gabriel Mato, Franciso Villar Mon do PP e Pepe Blanco do PSOE pediron explicacións sobre os mariñeiros afectados polo problema en setembro na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo á Ministra de Pesca de Noruega Elisabeth Asparker, sen resultado.*

*-A eurodeputada Lidia Senra de A.G.E. obtivo a resposta da comisaria europea, Asuntos Sociais e mobilidade de que hai que facer valer o artigo Nº 16 do Regulamento da Comunidade Europea nº 883/2004.*

*Dito regulamento confire ás autoridades competentes dos Estados membro a posibilidade de facer acordos bilaterais en interese de determinadas persoas ou categorías de persoas.*

-A eurodeputada Lidia Senra comunícalle a primeira ministra norueguesa, Erna Solberg, mediante un documento asinado por 32 eurodeputados que ao abeiro das normativas europeas: “toda prestación que non fora liquidada ou establecida suspendida a causa da nacionalidade ou da residencia será a petición desta liquidada ou restablecida”. Na que a comisaria Thyssen recomenda utilizar o marco das relacións con Noruega para facer cumprir esta norma.

-Os deputados socialistas galegos instan ao Goberno de España a dotar medidas que para as pensións e esixen máis implicación no caso.

-O BNG acada o voto unánime de todas as forzas no parlamento de Galicia para reclamar as pensións dos traballadores galegos nos barcos noruegueses.

-A deputada do PSOE, Paloma Rodríguez, pregunta no Congreso dos Deputados se o Goberno de España consultou este caso con Tribunal de Dereitos Humanos.

#### NO EIDO TÉCNICO

-O profesor da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña, Xosé Manuel Carril, logo de facer un estudo no Instituto Nórdico en Oslo e consulta na Biblioteca da OIT en Xenebra, extrae a argumentación xurídica do caso que foi publicado neste 2015 pola prestixiosa editorial Aranzadi co título “Una de derechos humanos. La protección de seguridad social de nuestros trabajadores en el mar emigrantes en Noruega”.

-A documentalista, María Isabel Pereira Varela, facendo tarefas documentais nos Arquivos Nacionais de España e Noruega.

-Denuncia no tribunais noruegueses ao país pola denegación das pensións.

#### ACORDOS

Instamos aos gobernos municipais de Galicia a facer unha declaración unánime a favor do pago das pensións dos nosos mariñeiros. Usando de maneira efectiva as súas competencias e tendo moi presentes:

- O artigo 14 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos polo cal se prohíbe calquera forma de discriminación. Considerando a pensión como un dereito á propiedade e polo tanto elemento de protección.
- O artigo 98 da Constitución de Noruega que prohíbe a discriminación entre nacionais e estranxeiros.
- O artigo 1 protocolo 1 da Convención Europea de Dereitos Humanos.

2º) Instamos a este goberno municipal a coaccionar mediante as súas canles administrativas a Noruega a que pague as pensións aos nosos cidadáns.

3º) Instamos a que exerza presión ao Goberno Central do Reino de España a que poña unha demanda interestatal a Noruega pola vulneración dos dereitos aquí mencionados que requiran a urxencia dos mandatarios do noso país para cumprir así coa obriga de protexer así aos nosos concidadáns.”

A Sra. alcaldesa explica que é un escrito dirixido ao Goberno Municipal, que logo de velo, o Goberno decidiu aceptar a instancia e apoiar a asociación LONGHOPE, coaccionar aos gobernos Central e de Noruega, na medida das súas posibilidades, para que os mariñeiros cobren as súas pensións.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa dá por rematada a sesión do Pleno da Corporación sendo as vinte e dúas horas e corenta minutos. Dou fe.